PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 669 VI lexislatura 13 de novembro de 2004

Fascículo 2

SUMARIO

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

— Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de trece deputados e tres deputadas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a autorización, polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, da adxudicación e contratación das obras do porto exterior de punta Langosteira e o seu financiamento polo Estado.

Docs. núms. 18760 e 18767. Procedemento de urxencia 42903

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, sobre a deterioración ambiental no concello do Courel.

Doc. núm. 18610. Comisión 2.ª 42911

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª Salomé Álvarez Blanco e D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a execución das obras de mantemendo e adaptación da residencia pública de maiores Porta do Camiño, de Santiago de Compostela.

Doc. núm. 18621. Comisión 5.ª 42914

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre a mellora e utilización das medidas de acompañamento da PAC dedicándoas a fortalecer explotacións agrarias de labregos mozos.

Doc. núm. 18746. Comisión Asuntos Europeos 42916

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

— Solicitude de comparecencia, por petición propia, do Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, para informar sobre as políticas en materia de función pública.
Doc. núm. 18758. Comisión 1.ª 42918

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

— Pregunta oral en Pleno, formulada por D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da repercusión do proxecto de odenación cinexética previsto na serra de San Mamede, en Montederramo, no espazo proposto para a Rede Natura 2000 denominado bidueiral de Montederramo.
Doc. núm. 18752 42919

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as constantes humidades nas vivendas sociais en Rábade.
Doc. núm. 18592. Comisión 2.ª 42921

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Salomé Álvarez Blanco e D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do futuro, realización de investimentos e traslado de residentes na residencia pública de maiores Porta do Camiño, de Santiago de Compostela.
Doc. núm. 18622. Comisión 5.ª 42924

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento dos servizos sanitarios en Vilalba.
Doc. núm. 18623. Comisión 5.ª 42927

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución das indemnizacións compensatorias de montaña (ICM).
Doc. núm. 18747. Comisión 7.ª 42929

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o resultado das negociacións entre a Administración do Estado e as organizacións agrarias respecto do custo dos carburantes.
Doc. núm. 18748. Comisión 7.ª 42931

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D.ª Rosa Darriba Calviño, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados do proxecto de reforestación de terras agrarias na parroquia da Franqueira, no concello da Cañiza.
Doc. núm. 18749. Comisión 7.ª 42933

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez e D.ª Rosa Darriba Calviño, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aplicación inmediata dun suposto plan de residuos agrarios.
Doc. núm. 18750. Comisión 7.ª 42936

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a omisión pola CRTVG de información referente ao paro e á taxa galega de desemprego no último ano.
Doc. núm. 18624. Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia 42938

— Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias da aplicación do chamado desacoplamento da produción na concesión de axudas da PAC.
Doc. núm. 18751. Comisión para Asuntos Europeos 42939

4.4. Respostas a preguntas

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, D. Xosé Díaz Díaz e D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de afección dos bancos marisqueiros do Vicedo e ría do Barqueiro nas obras de dragado da ría e de acondicionamento do contorno da praia de Fomento.
Doc. núm. 18759. Pregunta doc. núm. 16064 42941

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Francisco Sineiro García, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes ás axudas concedidas pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural á empresa Artabra desde o ano 2001.
Doc. núm. 18626. Pregunta doc. núm. 17960 42944

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes á dotación de vehículos para actuación contra os incendios do concello de Coles.
Doc. núm. 18627. Pregunta doc. núm. 16254 42945

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos investimenots realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Muros.
Doc. núm. 18628. Pregunta doc. núm. 18065 42947

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca do Barbanza.
Doc. núm. 18629. Pregunta doc. núm. 18066 42948

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Noia.
Doc. núm. 18630. Pregunta doc. núm. 18067 42950

— Resposta remitida pola Xunta de Galicia á Pregunta, formulada por D. Xosé Díaz Díaz e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación pola que están a atravesar os montes veciñais en man común na parroquia de San Xurxo, no concello de Ferrol.
Doc. núm. 18631. Pregunta doc. núm. 13772 42952

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Proposición non de lei en Pleno, formulada polo G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de trece deputados e tres deputadas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a autorización, polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, da adxudicación e contratación das obras do porto exterior de punta Langosteira e o seu financiamento polo Estado.

Docs. núms. 18760 e 18767. Procedemento de urxencia

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 11 de novembro de 2004, admitiu a trámite a Proposición non de lei, formulada polo G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de trece deputados e tres deputadas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a autorización, polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, da adxudicación e contratación das obras do porto exterior de punta Langosteira e o seu financiamento polo Estado (docs. núms. 18760 e 18767).

Acordouse a súa tramitación no Pleno polo procedemento de urxencia.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaia debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Proposicións non de lei en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 11 de novembro de 2004, admitiu a trámite e cualificou como proposicións non de lei, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, sobre a deterioración ambiental no concello do Courel (doc. núm. 18610).

Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego:

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.ª Salomé Álvarez Blanco e D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a execución das obras de mantemendo e adaptación da residencia pública de maiores Porta do Camiño, de Santiago de Compostela (doc. núm. 18621).

Comisión para Asuntos Europeos:

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez, sobre a mellora e utilización das medidas de acompañamento da PAC dedicándoas a fortalecer explotacións agrarias de labregos mozos (doc. núm. 18746).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaian debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Solicitude de comparecencia, por petición propia, do Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración

Pública, para informar sobre as políticas en materia de función pública.

Doc. núm. 18758. Comisión 1.ª

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 11 de novembro de 2004, admitiu a trámite, e acordou o seu traslado á Mesa da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o escrito no que se solicita, petición propia, a comparecencia do Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, para informar sobre as políticas en materia de función pública (doc. núm. 18758).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Pregunta oral en Pleno, formulada por D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da repercusión do proxecto de odenación cinexética previsto na serra de San Mamede, en Montederramo, no espazo proposto para a Rede Natura 2000 denominado bidueiral de Montederramo.

Doc. núm. 18752

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 11 de novembro de 2004, admitiu a trámite o escrito formulado por D.ª Rosa Darriba Calviño e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da repercusión do proxecto de odenación cinexética previsto na serra de San Mamede, en Montederramo, no espazo proposto para a Rede Natura 2000 denominado bidueiral de Montederramo (doc. núm. 18752).

Cualificouse como pregunta con resposta oral en Pleno.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4.3.2. Preguntas orais en Comisión

Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 11 de novembro de 2004, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

— De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as constantes humidades nas vivendas sociais en Rábade (doc. núm. 18592).

Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego:

— De D.ª Salomé Álvarez Blanco e D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do futuro, realización de investimentos e traslado de residentes na residencia pública de maiores Porta do Camiño, de Santiago de Compostela (doc. núm. 18622).

— De D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento dos servizos sanitarios en Vilalba (doc. núm. 18623).

Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

— De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución das indemnizacións compensatorias de montaña (ICM) (doc. núm. 18747).

— De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o resultado das negociacións entre a

Administración do Estado e as organizacións agrarias respecto do custo dos carburantes (doc. núm. 18748).

— De D. Emilio López Pérez e D.ª Rosa Darriba Calviño, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados do proxecto de reforestación de terras agrarias na parroquia da Franqueira, no concello da Cañiza (doc. núm. 18749).

— De D. Emilio López Pérez e D.ª Rosa Darriba Calviño, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a aplicación inmediata dun suposto plan de residuos agrarios (doc. núm. 18750).

— De D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a omisión pola CRTVG de información referente ao paro e á taxa galega de desemprego no último ano (doc. núm. 18624).

Comisión para Asuntos Europeos:

— De D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as consecuencias da aplicación do chamado desacoplamento da produción na concesión de axudas da PAC (doc. núm. 18751).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

4.4. Respostas a preguntas

Respostas remitidas pola Xunta de Galicia

Presidencia

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das respostas remitidas pola Xunta de Galicia que a seguir se relacionan:

— Á Pregunta, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, D. Xosé Díaz Díaz e D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de afección dos bancos marisqueiros do Vicedo e ría do Barqueiro nas obras de dragado da ría e de acondicionamento do contorno da praia de Fomento (doc. núm. 18759. Pregunta doc. núm. 16064).

— Á Pregunta, formulada por D. Francisco Sineiro García, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes ás axudas concedidas pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural á empresa Artabra desde o ano 2001 (doc. núm. 18626. Pregunta doc. núm. 17960).

— Á Pregunta, formulada por D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes á dotación de vehículos para actuación contra os incendios do concello de Coles (doc. núm. 18627. Pregunta doc. núm. 16254).

— Á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos investimenots realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Muros (doc. núm. 18628. Pregunta doc. núm. 18065).

— Á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca do Barbanza (doc. núm. 18629. Pregunta doc. núm. 18066).

— Á Pregunta, formulada por D. José Manuel Lage Tuñas, do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Noia (doc. núm. 18630. Pregunta doc. núm. 18067).

— Á Pregunta, formulada por D. Xosé Díaz Díaz e D. Emilio López Pérez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación pola que están a atravesar os montes veciñais en man común na parroquia de San Xurxo, no concello de Ferrol (doc. núm. 18631. Pregunta doc. núm. 13772).

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004
Inmaculada Rodríguez Cuervo
Vicepresidenta 1.ª

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
10 NOV 2004
Núm.: 18.760

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e ó abeiro dos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate urxente en Pleno**.

Xustificación da Urxencia

Tralo aprazamento do acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña debido ás reservas amosadas a este respecto polos representantes da Administracións Xeral do Estado cómpre adoptar coa maior brevidade posible tódalas medidas conducentes a garantir a adxudicación sen condicións das obras do Porto Exterior de Punta Langosteira, tendo en conta que as empresas concursantes deixarán de estar vinculadas polas súas ofertas en menos de dous anos.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia



Exposición de Motivos

O pasado xoves día 4 de novembro estaba previsto que o Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña adxudicara as obras de construcción do Porto Exterior de Punta Langosteira, unha das actuacións máis emblemáticas do Plan Galicia.

Nembargantes, a consecuencia da reserva amosada polos representantes da Administración Xeral do Estado no devandito Consello de Administración e a súa negativa a comprometer ó Ministerio de Fomento para proceder á adxudicación das obras, non foi posible que esta se fixese efectiva.

En efecto, os citados representantes da Administración Xeral do Estado pretenden introducir un veto: non poden ser contratadas as obras sen que estea confirmada previamente a disposición de fondos europeos.

Esta actitude dos representantes da Administración Xeral do Estado é contraria á lealdade e consenso que presidiu a relación entre as Administracións implicadas en relación con esta actuación desde a súa aprobación no Consello de Ministros celebrado no Pazo de María Pita o 24 de xaneiro de 2003.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia



En efecto todas as decisións vencelladas a este proxecto foron adoptadas por consenso unánime das catro administracións implicadas (Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Concello da Coruña e Concello de Arteixo), consenso que se reflictiu definitivamente nos acordos ós que se chegou o pasado 2 de febreiro, nos que se aprobou a solución técnica a executar, o plan financeiro elaborado por Puertos del Estado así como o Convenio Urbanístico para o reordenación dos peiraos. Estes acordos permitiron proceder á licitación das obras no BOE do 25 de febreiro.

Sen embargo, esta actitude de leal colaboración e consenso ráchase en primeiro lugar na sinatura dun novo Convenio Urbanístico entre o Ministerio de Fomento e o Concello da Coruña, sinatura na que non participan as outras dúas Administracións implicadas, a Xunta de Galicia e o Concello de Arteixo. Por certo, o texto deste Convenio clandestino aínda é descoñecido tanto para a Autoridade Portuaria da Coruña como para a Xunta de Galicia.

Esta ruptura do consenso vense confirmar agora coa actitude xa comentada dos representantes da Administración Xeral do Estado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, impedindo a contratación das obras ó pretender condicionala á consecución das axudas comunitarias.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo. s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Cómpre ter en conta que o retraso na contratación destas obras, que foran licitadas a finais de febreiro deste ano, podería implicar a necesidade de reiniciar todo o proceso de licitación desta actuación, o que implicaría sen dúbida uns gravísimos prexuízos económicos para Galicia. Efectivamente, se no vindeiros dous meses non son adxudicadas estas obras, as empresas concursantes deixarán de estar vinculadas polas súas ofertas e non quedará máis remedio que reiniciar de novo todo o proceso.

O Grupo Parlamentario Popular considera intolerable e incomprensible a actitude da Administración Xeral do Estado neste asunto, pois a construcción do Porto Exterior de Punta Langosteira constitúe un compromiso do Estado con Galicia, que ademais ten sido refrendado en numerosas declaracións públicas tanto pola Ministra de Fomento como polo propio Presidente do Goberno.

Non se entende, por tanto, que se o mesmo Presidente do Goberno ratifica publicamente o compromiso do anterior Executivo con este novo Porto, agora se poña en dúbida a súa adxudicación e a conseguinte contratación por non estar confirmada aínda a concesión das axudas comunitarias.

Este Grupo Parlamentario considera que o compromiso do Estado coa construcción do Porto Exterior non pode nin debe depender da concesión destas axudas, polo que corresponde ó Ministerio de

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
10 NOV. 2004
Núm.: 17-760

Fomento garantir a cobertura financeira da parte correspondente ós fondos comunitarios prevista para o financiamento da obra.

Cómpre ter en conta ademais a condición de "porto de interese xeral" das instalacións portuarias da Coruña, cuxa titularidade é en consecuencia estatal. Isto implica que o propietario das novas instalacións portuarias de Punta Langosteira será tamén o Estado.

Resulta polo tanto inaceptable que o inicio da execución do Porto Exterior acumule retrasos polas causas referidas, que teñen como único responsable á Administración Xeral do Estado.

De acordo co exposto, e coa finalidade de acelerar na medida do posible a adxudicación sen condicións e a conseguinte contratación desta obra de vital importancia para a nosa Comunidade Autonóma, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **Proposición non de lei ante o Pleno**.

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Fomento o seu firme compromiso co Porto Exterior de Punta Langosteira, de xeito que:

- O Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña autorice de inmediato a adxudicación e contratación

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 NOV. 2004
Núm. 18.760

por unanimidade e sen condicións as obras do Porto Exterior de Punta Langosteira, para proceder coa maior urxencia posible á sinatura do contrato de obra e ó inicio das devanditas obras

- O Estado asuma os seus compromisos, **garantindo a cobertura financeira da obra**, con independencia da agardada concesión da axudas comunitarias.

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2004

Asdo: Jaime A. Pita Varela
Portavoz do G. Popular

Asdo: Manuel Ruíz Rivas
Viceportavoz do G. Popular

Asdo: Juan M. Casares González
Deputado

Asdo. Maximino Rodríguez Fernánde
Deputado

Asdo: Fernando Amarelo de Castro
Deputado

Asdo: Roberto Castro García
Deputado

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
10 NOV. 2004
Núm.: 18.760

Asdo: Paula Janza Muñiz
Deputada

Asdo: Juan Pedrosa Vicente
Deputado

Asdo: Fernando Rodríguez Corcoba
Deputado

Asdo: Dolores Rodríguez Seijas
Deputada

Asdo. Susana López Abella
Deputada

Asdo: Jesús Fernández Rosende
Deputado

Asdo: Miguel Santalices Vieira
Deputado

Asdo: José M. Baltar Blanco
Deputado

Asdo: Ramón Sestelo Fernández
Deputado

Asdo: Manuel López Outeiral
Deputado

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia advertiu un erro mecanógrafico no seu escrito con núm de rexistro 18760.

O final da Xustificación da Urxencia:

Onde di: dous anos

Debe dicir: dous meses

Parlamento de Galicia, 10 de novembro de 2004

Asdo: Manuel Ruíz Rivas
Viceportavoz do G. Popular

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
8 - NOV. 2004
Núm.: 1860

Á Mesa do Parlamento

O Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Proposición non de Lei, para o seu debate en Comisión, sobre o deterioro ambiental no concello do Courel.

O Courel está recoñecido como o territorio de maior biodiversidade de Galiza, tanto polas súas características climáticas como xeolóxicas ou orográficas, pero tamén pola actividade desenvolvida polos seus habitantes dende tempo inmemorial. Dita actividade foi capaz de conservar o seu preciado medio natural durante séculos.

Nos últimos anos, vimos asistindo a un xeneralizado despoboamento da zona así como á devastación do seu territorio. Nista devastación ten un papel preponderante a instalación dalgunha industria que produce grande impacto ambiental nos tesouros naturais do Courel. En particular, a canteira de pizarra denominada "A Campa" está a producir ise grande impacto ambiental do que falabamos. Con efeito, a canteira está avanzando entre núcleos poboados do Courel como A Campa, Baldomir, Pendella, Touzón, Folgoso e Santa Eufemia, entre outros. Do mesmo xeito, a canteira está xa traballando a menos de trescentos metros do río Lor, vertendo niste as augas que baixan desde Santa Eufemia, arrastrando escombro da pizarreira e outros traballos da extracción. O terreo xa non dá rexenerado e os escombros cubren a superficie da explotación e da terra vexetal que a arrodea. De igoal xeito, o uso de explosivos faise de xeito anárquico e temerario.



No momento actual, a empresa está a tramitar ante o Concello a petición dunha ampliación da licencia de explotación, o que conlevará a desvalorización das propiedades afectadas, non só no que ao seu valor económico se refire senón, o que é máis importante, por afectar á xeneralidade da poboación, tamén no seu valor ecolóxico.

Nista zona do Courel, realizáronse investimentos de fondos europeos ca finalidade de promover un desenvolvemento rural sostíbel. Do mesmo xeito, a Unión Europea está a cofinanciar un plano para a rexeneración hidrolóxico-forestal das escombreiras de pizarra de toda Galiza, ficando fora diste plano, casualmente, as escombreiras do Courel.

Tamén debe terse en conta que a zona Ancares-Courel está declarada de Especial Conservación. Isto conleva, como obriga legal a protección e rexeneración ambiental, a conservación da paisaxe tradicional, a conservación do patrimonio cultural esí como da silvicultura e agrogandeiría de calidade. Do mesmo xeito, debe protexerse o sector turístico de xeito sustentábel.

No Courel existe un grave problema que afecta ao conxunto dos seus habitantes. Con efeito, a marxinación, o illamento e a ausencia de servizos básicos obrígaos a liscar do seu habitat. Xa no ano 2003 recolléronse masivamente sinaturas no Concello para reivindicar un plano de emerxencia para a zona, facéndolle entrega do mesmo ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Conselleiros implicados, ao Valedor do Pobo e ao propio Parlamento de Galiza. Inda á data de hoxe o Presidente da Xunta de Galiza vulnerou o seu propagandeado costume de contestar todos os documentos que recibe xa que fixo caso omiso do exposto polos veciños do Courel.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
8 - NOV. 2004
Núm.: 18610

Toda a exposición anterior ven sustentar a proposta que niste momento realizamos para que se teña na consideración debida a situación que atravesa a zona do Courel. Con efeito, debe facerse compatíbel a supervivencia da poboación do Concello no seu habitat coa protección do medio natural no que habita. Isto é, fornecendo postos de traballo que creen a riqueza necesaria para poder vivir no Courel sen que as explotacións, niste caso de carácter industrial, podan deteriorar o medio ambiente cun excesivo impacto, amenazando diste xeito o futuro do conxunto da zona que, a maiores da citada explotación industrial, ten outras potencialidades de carácter ecolóxico e naturista, sobranceando entre outras posibilidades a da explotación turística de toda a zona.

Por todo o exposto, apreséntase, para a sua aprobación no Parlamento de Galiza, a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a facer cumplir a legalidade vixente, no que a impacto ambiental e protección do medio natural se refire, no Concello do Courel, extremando a vixiancia sobre as condicións nas que se desenvolve a explotación da denominada canteira de "A Campa", sen que poda ser utilizada en nengún caso a actuación adeministrativa para amparar a perda de nengún posto de traballo na citada explotación.

Pazo do Hórreo, 8 de Novembro de 2004.

Asdo.: Alberte X. Rodríguez Feixóo
Deputado do G. P. do BNG

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado
Portavoz do G. P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Núm.: 18621

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas Salomé Álvarez Blanco e Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

A residencia pública de maiores Porta do Camiño, leva funcionando en Santiago desde fai máis de 30 anos, oficialmente como residencia de válidos, ainda que nestes momentos o 50%, máis ou menos, das persoas alí acollidas, son asistidas.

Nesta residencia pública non se leva investido apenas nada desde fai moitos anos, nen no mantemento da mesma nen sequera para adaptala ós novos requisitos derivados da súa conversión "de facto" nunha residencia mixta, que ten outras necesidades tanto de persoal como de infraestruturas, sendo imposible, en moitos casos, dar asistencia, nunhas condicións óptimas, ás persoas dependentes.

Así, entre as deficiencias e carencias que presenta o centro podemos indicar: falta de espacio que dificulta a utilización de sillas de rodas necesarias para as persoas asistidas, baños sen adaptar, falta de comedor para esas persoas, existencia de barreiras arquitectónicas.

Fai catro anos houbo un intento de traslado de parte das persoas residentes a residencias concertadas, o que provocou o rechazo dos usuarios e das súas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
Núm. 18621

familias, xa que a previsión era facer o traslado a residencias alonxadas do entorno familiar, provocando un desarraigo que repercute sobre a súa saúde física e psíquica e crea dificultades para as familias.

Agora, parece que é intención da Xunta de Galiza retomar a intención de trasladar a unha parte das persoas atendidas nesta residencia a outras concertadas en vez de investir neste centro público para que reuna as condicións axeitadas.

Esta política incidiría negativamente no número, xa baixo, de prazas públicas de titularidade da Xunta, en beneficio das concertadas ou privadas.

Por todo o anterior, apresentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza á realización das obras de mantemento e de adaptación da residencia pública de maiores Porta do Camiño, necesarias para a atención, nas mellores condicións, das persoas residentes válidas e asistidas.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2004.

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado
Portavoz do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 1876

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado Emilio López Pérez e ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión de Asuntos Europeos, relativa a mellorar a utilización das medidas de acompañamento da PAC adicandoas a fortalecer explotacións agrarias de labregos mozos.

Exposición de motivos

De nada sirven declaracións piadosas de representantes da Xunta lamentandose do abandono da xente moza do noso medio rural e da agricultura.

De nada sirven tampouco os cantos gloriosos a prol dunha Unión Europea que nos aperta polo pescozo e nos inviabiliza a cotío as nosas producións con medidas destinadas a botarnos das nosas aldeas, como pode ser o caso da reforestación de terras agrarias.

Si a Xunta ten competencias para organizar o territorio e a agricultura debe reclamar como mínimo que lle deixen exercelas. Está de sobra demostrado que as chamadas medidas de acompañamento da PAC non están sendo utilizadas para manter o tecido produtivo no medio rural nen fixar poboación. Precisase unha nova orientación acorde cos problemas e necesidades do noso medio rural e da nosa agricultura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18746

Sendo o problema máis forte o dos baixos prezos agrarios e a falla de seguridade de cara ao futuro da xente nova que non ve garantidos uns ingresos para sosterse con dignidade, nin soster unha familia, é preciso un programa específico da Xunta de Galiza de apoio á xente nova.

Polo exposto, apresentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza e a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural a crear un programa específico da Xunta de apoio a agricultores e agricultoras novas que precisarian das seguintes medidas:

1.ª) Reclamar da Administración central poder participar na Unión Europea nos debates referidos ás medidas para aplicar a agricultores mozos.

2.ª) Crear un programa especial para labregos mozos e mozas.

3.ª) Destinar os fondos hoxe adicados ás medidas de acompañamento da PAC ao fomento dunha renda digna que supla os baixos prezos dos produtos agrarios das explotacións que no futuro se amparen a este programa de xente moza.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado
Portavoz do G.P. do BNG

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



RS/cn.



Teño a honra de solicitar ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara a miña comparecencia perante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para informar sobre **"as políticas en materia de función pública"**.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2004

O conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

Jaime Pita Varela

EXCMO.SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18752

Á Mesa do Parlamento

Rosa Darriba Calviño e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara apresentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Con data de 13 de Xuño de 2003 someteuse a información pública o anuncio de sociedade mercantil TECSAGES, S.L. relativo ao proxecto de explotación e ordenación con finalidade cinexética nun monte de preto de 737 hetáreas pertencente á Comunidade de Montes da parroquia de Sabín, no concello de Montederramo.

Recentemente estivo en exposición pública o Estudo de Impacto Ambiental no que se observan contradiccións co contido do proxecto apresentado en xuño do 2003.

Este proxecto apresentado por TECSAGES S.L. pretende a introdución de especies de caza maior nun espazo pechado perimetralmente, afectando a un espazo proposto para a Rede Natura 2000, denominado "Biduiral de Montederramo".

Neste caso, segundo a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, este será considerado como un Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral, no que se poden seguir levando a cabo de xeito ordenado os usos e actividades tradicionais,

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18752

requerindo para as demais informe preceptivo e vinculante da Consellaría de Medio Ambiente.

Posto que a actividade que se pretende non pode ser considerada como tradicional, é a Consellaría de Medio Ambiente quen ten a postestade de decir se permite levar a cabo este proxecto que supón o valado, a privatización deste LIC e introdución de especies alleas.

Polo exposto, apresentase a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galiza que o proxecto de ordenación cinexética, que se pretende levar a cabo na Serra de San Mamede, Montederramo, afectando a un espazo natural proposto para a súa inclusión na Rede Natura 2000, é compatíbel coa necesaria protección dos recursos naturais que posee?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2004.

Asdo.: Rosa Darriba Calviño
Alfredo Suárez Canal
Deputada e deputado do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
8 - NOV. 2004
Núm.: 18552

Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Pregunta,** sobre as constantes humedades nas vivendas sociais en Rábade, para a sua contestación oral en Comisión.

Dende hai dez anos que foron entregadas as vivendas sociais de Rábade, detectáronse certos problemas de humedades nos pisos. Dende entón, os veciños distas vivendas veñen mantendo contacto directo co Instituto Galego da Vivenda e Solo na percura do arranxamento diste problema. Asegún os veciños, ao escomenzamento dista situación, o IGVS nunca se negou ao arranxamento das humedades e problemas das vivendas, pero a solución que propoñía era a realización de chapuzas que, como o seu propio nome indica, non deixaban de ser iso, polo que o problema segue na actualidade sen solucionarse, apresentando un empioramento considerábel dende hai tres anos.

Ante ista situación, os veciños distas vivendas decidiron denunciar ao IGVS ante os Tribunais, tendo como resultado unha sentenza dun Xulgado lugués na que se lles dá a razón, resolvendo que o IGVS debe amañar toda a obra xa que está mal feita, cousa que os veciños xa sabían xa que, no seu momento, tiveron que recurrir aos servizos dun arquitecto que, tralo estudo da obra, achacou os problemas existentes na mesma a un defecto de construción. Lonxe de acatar a sentenza e proceder ao arranxamento das vivendas, o que fixo o IGVS foi recurrir a sentenza ante o Tribunal Superior de Xustiza de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
8 - NOV. 2004
Núm.: 18592

Galiza polo que, até que chegue a resolución diste Tribunal, os veciños teñen que seguir poñendo tinas nos cuartos das suas vivendas, debido a que o problema das humedades agravouse até tal ponto que lles chove dentro dos mesmos.

Ante a situación anteriormente descripta, realízanse as seguintes preguntas:

1ª) Pode a Xunta de Galiza informar concretamente do ponto en que se atopa a situación das vivendas sociais de Rábade?

2ª) Pode a Xunta de Galiza explicar de qué xeito controla a execución das obras no caso concreto da construción de vivendas sociais?

3ª) Qué criterios de valoración aplica a Xunta a de Galiza para comprobar que o estado das vivendas é o axeitado para a habitabilidade no momento da sua entrega?

4ª) Pode a Xunta de Galiza explicar se dá ás obras que entrega un período de garantía por se aparecen defectos de construción?

5ª) Qué solución aportará a Xunta de Galiza aos veciños das vivendas sociais de Rábade?



6ª) Non cre a Xunta de Galiza que se os defectos que apresentan as vivendas son derivados da baixa calidade da construción en nengún caso a reparación das mesmas pode gravar aos actuais usuarios?

Pazo do Hórreo, 8 de Novembro de 2004.

Asdo.: Alberte X. Rodríguez Feixóo
Deputado do G. P. do BNG.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
9 - NOV 2004
Núm.: 18622

Á Mesa do Parlamento

Salomé Álvarez Blanco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A residencia pública de maiores Porta do Camiño, leva funcionando en Santiago desde fai máis de 30 anos, oficialmente como residencia de válidos, ainda que nestes momentos o 50%, máis ou menos, das persoas alí acollidas, son asistidas.

Nesta residencia pública non se leva investido apenas nada desde fai moitos anos, nen no mantemento da mesma nen sequera para adaptala ós novos requisitos derivados da súa conversión "de facto" nunha residencia mixta, que ten outras necesidades tanto de persoal como de infraestruturas, sendo imposible, en moitos casos, dar asistencia, nunhas condicións óptimas, ás persoas dependentes.

Así, entre as deficiencias e carencias que presenta o centro podemos indicar: falta de espacio que dificulta a utilización de sillas de rodas necesarias para as persoas asistidas, baños sen adaptar, falta de comedor para esas persoas, existencia de barreiras arquitectónicas.

Fai catro anos houbo un intento de traslado de parte das persoas residentes a residencias concertadas, o que provocou o rechazo dos usuarios e das súas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm. 18622

familias, xa que a previsión era facer o traslado a residencias alonxadas do entorno familiar, provocando un desarraigo que repercute sobre a súa saúde física e psíquica e crea dificultades para as familias.

Agora, parece que é intención da Xunta de Galiza retomar a intención de trasladar a unha parte das persoas atendidas nesta residencia a outras concertadas en vez de investir neste centro público para que reuna as condicións axeitadas.

Esta política incidiría negativamente no número, xa baixo, de prazas públicas de titularidade da Xunta, en beneficio das concertadas ou privadas.

Por todo o anterior, apresentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) ¿Que futuro ten previsto a Xunta de Galiza para a Residencia Porta do Camiño de Santiago de Compostela?

2.ª) ¿Que inversións ten previsto a Xunta de Galiza, na residencia de maiores Porta do Camiño, para subsanar as deficiencias e carencias que presenta e para adaptala á nova realidade de atención de persoas asistidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
4 - NOV. 2004
Num. 18622

3.ª) ¿Ten previsto a Xunta de Galiza efectuar traslados de persoas residentes na residencia Porta do Camiño a outras residencias? De ser afirmativa a resposta ¿cantas persoas, por que razón e a que residencias?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2004.

Asdo.: Salomé Álvarez Blanco
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV 2004
Núm.: 18623

Á Mesa do Parlamento

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Pregunta,** sobre o funcionamento dos servizos sanitarios en Vilalba, para a sua contestación oral en Comisión.

O ambulatorio de Vilalba acolle un radio de atención que inclue tamén Xermade, Muras, Cospeito e Abadín. A opinión dos usuarios diste servizo médico é boa e consideranse ben atendidos polos facultativos que atenden as necesidades do centro, aínda que pensan que o servizo de urxencias non respondería ante un caso de apuro, é dicer, cando só se ten que atender unha urxencia o servizo está cuberto pero os usuarios cren que se nunha mesma xornada acontecera máis dunha urxencia a cobertura non sería dabondo.

Ista teoría vese apoiada polos facultativos e persoal sanitario do centro que afirman que traballan con falta de medios e solicitan como petición fundamental que se lles asigne unha ambulancia medicalizada para o centro e non ter que depender de ambulancia de apoio ou privada.

Ante a situación anteriormente descripta, realízanse as seguintes preguntas:

1ª) Pode a Xunta de Galiza detallar o número total de poboación asignada ao ambulatorio de Vilalba?



2ª) Pode a Xunta de Galiza detallar o persoal sanitario que atende a ista poboación?

3ª) Dotará a Xunta de Galiza ao ambulatorio de Vilalba da ambulancia que solicitan tanto usuarios como facultativos?

4ª) Qué requisitos deben cumplir para que ista ambulancia sexa asignada?

5ª) Está de acordo a Xunta de Galiza co persoal do centro en canto á súa afirmación de que traballan con falla de medios?

Pazo do Hórreo, 9 de Novembro de 2004.

Asdo.: Alberte X. Rodríguez Feixóo.
Deputado do G. P. do BNG.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Agricultura, relativa á redución das indemnizacións compensatorias de montaña (ICMS).

Tal e como xa manifestou o Bloque Nacionalista Galego no seu momento, a aplicación da reforma da Política Agraria Común, está supoñendo unha rebaixa importante da contía das axudas ás explotacións agrarias que máis o precisan.

Os labregos e labregas están a recibir comunicacións de aprobación de ICMS moito máis reducidas que no exercicio anterior.

O Goberno galego negouse a dictaminar medidas complementarias para que suplisen estas reducións que xa eran previsibeis.

Tampouco foi posibel aprobar no Parlamento galego un documento que defendese a agricultura e a gandeiría galegas porque, agás o BNG, non había vontade política de facelo.

A adesión cega e absurda ás medidas que dicta a Unión (Económica) Europea só trae para as nosas explotacións agrarias redución das posibilidades de competir.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
5 - NOV. 2004
Núm.: 18757

A redución das cantidades que recibían, con cargo as ICMS, para as explotacións agrarias galegas vai significar a expulsión do agro galego de moitas explotacións de produción gandeira, e o aumento do despoboamento do noso medio rural.

Polo dito, solicitamos resposta ás seguintes preguntas:

1.ª) ¿Cal foi a cantidade global de euros que recibiron as explotacións agrarias galegas con cargo ás ICMS nos exercicios do 2002 e 2003?

2.ª) ¿Cantos titulares de explotacións agarias foron beneficiados no 2002, cantos no 2003 e cantos se van a beneficiar no 2004?

3.ª) ¿Cal é a cantidade global das ICMS no 2004?

4.ª) ¿Cal é a cantidade prevista para o 2005?

5.ª) ¿Por que razón se están a reducir as contias das axudas das ICMS?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18748

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Agricultura, relativa ao resultado das negociacións entre a Administración do Estado e as organizacións agrarias sobre o coste dos carburantes.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG), xa reclamou a finais do verán que o Goberno tomase iniciativas para correxir as perdas que a suba dos carburantes ia ocasionar ás explotacións agrarias galegas.

A continuada suba dos prezos dos carburantes está producindo nas explotacións agrarias galegas un aumento a maiores dos costes directos e indirectos de producción. O Goberno galego non se ten parado, nin tan sequera, a facer un estudo do que esto representa para as explotacións agrarias.

O Conselleiro de Economía manifestou no seu momento no Parlamento galego, ante unha pregunta formulada polo deputado do BNG Xesús Veiga Buxán, que agardaba que esta situación fose conxuntural.

Non parece que os labregos galegos quedasen satisfeitos coas propostas da Administración central.

Por iso, formulamos as seguintes preguntas:

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALIC...
REXISTRO XERAL ENTRAD...
9 - NOV. 200...
Núm.: 18748

1.ª) ¿Por que motivo o Goberno galego non ten tomado nengunha iniciativa a respeito do problema dos carburantes?

2.ª) ¿Que sectores da agricultura están sendo máis afectados pola suba dos carburantes?

3.ª) ¿Pode no futuro seguir aumentando o prezo dos carburantes?

4.ª) ¿Por que razón as Administracións públicas non interveñen para frear a especulación das empresas que comercializan os productos enerxéticos derivados do "ouro mouro"?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 1879

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Rosa Darriba Calviño, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Agricultura, relativa aos resultados do proxecto de reforestación de terras agrarias na parroquia da Franqueira no Concello da Cañiza.

As terras de Paradanta, incluidos os montes, poden ter usos agrícolas, gandeiros e forestais.

A substitución de cultivos agrarios ou o pastoreo pola reforestación e a liña política que prima fai anos na Xunta. A U.E. promove programas de reforestación de terras agrarias nas que se levan gastado en Galiza máis de nove mil millóns das antiguas pesetas.

Na parroquia da Franqueira, no Concello da Cañiza, fai máis de 7 anos que se realizou un destes programas de reforestación no monte dos veciños. O investimento supuxo unha cantidade de millóns considerabel. O proxecto pretendia ser ambicioso. E dacordo cos hábitos da Xunta neste tipo de actuacións, está xa pagado o montante da axuda, incluidas as axudas plurianuais de mantemento.

A Xunta parece que ten sido celosa no coidado da prantación, impoñendo incluso sancións cando aparecía algún tipo de pastoreo.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18759

Despois de varios anos de traballo e coidados esmerados, e de agardar uns resultados e espectativas interesantes, é polo que apresentamos as seguintes Preguntas.

1.ª) ¿Que extensión de monte se plantou con apoio de axudas oficiais na parroquia de "A Franqueira" en A Cañiza?

2.ª) ¿En que ano ou anos se fixo a reforestación?

3.ª) ¿Que axudas recibiu e con que contias?

4.ª) ¿Que empresa ou empresas realizaron os traballos?

5.ª) ¿Quenes forman o accionariado de ditas empresas?

6.ª) ¿Que organismos e baixo a responsabilidade de que axentes se inspeccionaron os proxectos antes, durante e despois da plantación?

7.ª) ¿Que cantidades de árbores se prantaron según o proxecto?

8.ª) ¿Que cantidade se calcula que prosperaron e están vivas?

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18759

9.ª) ¿Que cultivos ou tratamentos selvícolas recibiron deica hoxe as árbores?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez

Rosa Darriba Calviño

Deputado e deputada do G.P. do BNG

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18750

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez e Rosa Darriba Calviño, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte Pregunta, para a sua resposta oral na Comisión de Agricultura, relativa a aplicación inmediata dun suposto plan de residuos agrarios.

A Xunta de Galiza recoñecía, fai moi pouco tempo no Parlamento galego, ante unha pregunta do BNG, que non puxera en práctica o tan propagandeado plan de residuos agrarios.

O mesmo dia que se contestaba ao BNG no Parlamento facía unha foto o Conselleiro de Medio Ambiente falando dun proxecto de reciclaxe de plásticos.

Fai poucos dias repitese a mesma propaganda e definese un concello de Lugo como lugar de ubicación da planta.

Estamos unha vez máis a facer anuncios de actuacións sen que conste soporte orzamentario nen prazos concretos.

Por iso, formulamos as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Existe ou non a necesidade dun plan de residuos agrarios en Galiza?

2.ª) ¿Que residuos agrarios son máis abundantes?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18750

3.ª) ¿Que residuos urxe máis eliminar, reciclar ou evitar?

4.ª) ¿Que proxectos reais existen para diminuir ou reciclar os residuos agrarios?

5.ª) ¿Que soporte orzamentario existe para eses proxectos?

6.ª) ¿Que prazos están marcados para realizalos?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez

Rosa Darriba Calviño

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Horreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 42
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
Núm. 18624

Á Mesa do Parlamento

Eduardo Gutiérrez Fernández, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Comité de Empresa da Compañia da Radio Televisión de Galiza nun recente comunicado denuncia un novo caso de manipulación informativa. Concretamente a noticia de que o paro subiu en Galiza un 5% no último ano e que a taxa galega de desemprego supera en dous pontos a medida española foi censurada omitíndose tais dados coa disculpa da escaseza de tempo no telexornal da tarde, explicación pintoresca, atrabiliaria e aldraxante.

Perante esta situación, formulanse as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Que xuizo lle merece á dirección da CRTVG a censura exercida no caso descrito?

2.ª) ¿Considera a dirección da CRTVG que os feitos aludidos son compatibeis cos principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade?

3.ª) ¿Tomou a dirección da CRTVG algunha medida a respecto destes feitos ou ten previsto tomala?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2004.

Asdo.: Eduardo Gutiérrez Fernández
Deputado do G.P. do BNG

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18757

Á Mesa do Parlamento

Emilio López Pérez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Asuntos Europeos, relativa ás consecuencias da aplicación do chamado desacoplamento da produción na concesión de axudas da PAC.

O desacoplamento da produción nas axudas referidas á Reforma da Política Agraria Común está xa a producir, no seu primeiro ano de aplicación, máis abandono da agricultura e do medio rural.

Como todo coñecedor e coñecedora do noso rural admitia ás Administracións non lle ían a pagar aos labregos por unha produción e por unhas reses que non tiñan. Non é de recibo manter a unha xente pegada a unha explotación agraria que nada produce nin ten orientación produtiva.

O desacoplamento está orientado con toda a intención para que a xente abandone a produción agaria e o medio rural.

Polo anterior, apresentamos as seguintes preguntas:

1.ª) ¿Que lles esixe a Xunta aos produtores ou produtoras agrarios que se acolleron ao desacoplamento total da produción para seguir cobrando os direitos de prima que tiñan cando habia reses nas súas explotacións?

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18751

2.ª) ¿A que se van destinar as terras que formaban a base das explotacións agrarias?

3.ª) ¿A que se van adicar estes labregos "descoplados"?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2004.

Asdo.: Emilio López Pérez
Deputado do G.P. do BNG

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMON PÚBLICA

XACOBEO 2004
Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
Núm. 18759

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 16064,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, D. Xosé Díaz Díaz e D. Eduardo Gutiérrez Fernández, sobre **"Sobre as previsións de afección dos bancos marisqueiros do Vicedo e ría do Barqueiro nas obras de dragado da ría e de acondicionamento do contorno da praia de Fomento"**, (publicada no BOPG nº 589, do 17 de xuño de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Pesca e Asuntos Marítimas,** que ten o seguinte contido:

"O proxecto de `Rexeneración da praia de Fomento e o seu contorno, no termo municipal do Vicedo´, foi remitido á Dirección Xeral de Recursos Mariños para a emisión de dous informes: un primeiro a efectos da súa cualificación ambiental, solicitado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, e outro de conformidade co previsto no artigo 97-4º do Regulamento de Costas, a instancias do Servicio Provincial de Costas en Lugo.

No proxecto analízanse tres alternativas que, entre outras actuacións, suporían o aporte de áridos en distinto volume á praia de Fomento, para o que se propoñen cinco posibles puntos de dragado para a obtención de area.

Para a elaboración dos informes tivéronse en conta os datos de producción e actividade achegados polo persoal técnico da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos referidos á zona de actuación, así como os Plans de explotación marisqueira desenvolvidos polas confrarías do Vicedo e O Barqueiro.

No informe sobre efectos ambientais poñíase de manifesto a posible afección por acúmulo de areas no banco marisqueiro do `Lombo das Navallas´, explotado conxuntamente polas confrarías do Barqueiro e O Vicedo, e advertíase a necesidade de estudiar o posible impacto sobre outros bancos marisqueiros da ría do Barqueiro, mediante estudos sobre o medio físico e dinámica litoral.

Requiríase tamén unha caracterización analítica do punto de vertido proposto, así como unha descrición detallada dos traballos de dragado e a elaboración dun plan de vixilancia ambiental.

Finalmente, rexeitábase unha das alternativas de dragado propostas (a número 2) e estimábase a necesidade de someter o proxecto ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, que debería ser informado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Posteriormente, recibiuse o proxecto para o seu informe de conformidade co artigo 97-4º do Regulamento de Costas, unha vez que o Ministerio de Medio Ambiente resolveu a non necesidade de sometelo ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

No informe emitido advertíase a insuficiencia dos datos achegados para a correcta valoración do proxecto; así, requiríaselle información adicional acerca da caracterización analítica das zonas de dragado propostas e da zona de vertido, estudio da dinámica mariña, estudios da incidencia sobre os bancos marisqueiros das distintas alternativas presentadas, descrición detallada do plan de dragado, medidas correctoras ou compensatorias dos efectos negativos das obras, e programa de vixilancia ambiental que garanta o seguimento da evolución da praia.

Por todo o anterior, concluíase a necesidade de reelaboración do proxecto e o seu sometemento de novo a informe da Dirección Xeral de Recursos Mariños".

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

XACOBEO 2004
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2004
O conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

Jaime Pita Varela

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMÓN.PÚBLICA

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm. 18626

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 17960,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Sineiro García, sobre **"os datos referentes ás axudas concedidas pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural á empresa Artabra desde o ano 2001"**, (publicada no BOPG nº 641, do 1 de outubro de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Facenda,** que ten o seguinte contido:

"Nin a Consellería de Economía e Facenda nin os seus organismos autónomos, concederon ningún tipo de axuda á citada empresa no período indicado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo. Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMON.PÚBLICA

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18627

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 16254,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Manuel Luis Rodríguez González, sobre **"os datos referentes á dotación de vehículos para actuación contra os incendios do Concello de Coles"**, (publicada no BOPG nº 597, do 26 de xuño de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,** que ten o seguinte contido:

"En data 4 de xuño de 2004 a Consellería de Medio Ambiente e o concello de Coles asinaron un convenio para acordar a participación e colaboración entre ambos organismos públicos coa finalidade común de minorar as consecuencias e o impacto negativo dos incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba durante a campaña de verán.

No marco deste convenio a corporación municipal comprométese a manter operativo un vehículo motobomba durante cada un dos meses de vixencia do acordo, así como a contratar ao persoal necesario para este fin. Neste período o vehículo destinase a labores de prevención e defensa contra incendios forestais no ámbito territorial do concello e, de ser necesario, a colaborar na extinción daqueles que se produzan no ámbito territorial do Distrito Ambiental no que o concello se sitúa, salvo razóns extraordinarias que puideran requirir a súa intervención noutras zonas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Por último, sinalar que no ano 2003 subscribiuse un convenio similar ao descrito así como unha prórroga do mesmo ata o día 15 de outubro. Tamén é importante subliñar o feito de que fora do período de vixencia destes convenios é o concello o que determina en exclusiva o cometido do vehículo motobomba."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RS/mv

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMON PUBLICA
PARLAMENTO D... ALIC...
REXISTRO XERAL E... TRAD...
9 - NOV. 200...
Núm.: 18628

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 18065,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre **"os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Muros"**, (publicada no BOPG nº 643, do 6 de outubro de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,** que ten o seguinte contido:

"En 2003 a Administración Hidráulica de Galicia promoveu o proxecto de saneamento integral de Carnotá cun investimento asociado de 4.819.175,51 euros. Por outra banda, avánzase que se están a ultimar os trámites oportunos para licitar en breve prazo as obras correspondentes aos colectores xerais e á estación depuradora de augas residuais de Muros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RS/mv

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMÓN.PÚBLICA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
S - NÚM. 2324
Núm. 18629

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 18066,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre **"os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca do Barbanza"**, (publicada no BOPG nº 643, do 6 de outubro de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,** que ten o seguinte contido:

"Desde 2000 os proxectos en materia de saneamento promovidos pola Administración Hidráulica de Galicia na comarca do Morrazo que xa foron concluídos son: colectores de pluviais do núcleo urbano de Boiro (1ª e 2ª fase), saneamento integral de Bealo, así como ampliación da rede de saneamento de Cabo de Cruz, Cespón e Escarabote, no concello de Boiro; saneamento das augas residuais en Tarragoña e acondicionamento da estación depuradora (EDAR), no concello de Rianxo; e abastecemento e saneamento en Chancín-Palmeira, no concello de Ribeira. Pola súa banda, atópanse en fase de execución os proxectos de novos colectores xerais da EDAR e de colector xeral de saneamento do polígono industrial da Tomada, no concello da Pobra do Caramiñal; e a rede de saneamento e pluviais en Xarás-Padín, no concello de Ribeira. O investimento destas actuacións ascende a un total de 10.393.754,63 euros.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Polo que respecta ás previsións de actuación nesta comarca para o que resta de 2004 e en 2005, sinalar que se contempla a posta en marcha do proxecto de abastecemento e saneamento nas parroquias de Postmarcos, Xobre e Santa Cruz de Lesón, no concello da Pobra do Caramiñal; e o colector no río Breiro e o saneamento da praia Ribeira Grande-Cabo de Cruz, no concello de Boiro."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RS/mv

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMON.PÚBLICA
037402

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL
Núm. 18630

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 18067,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre **"os datos referentes aos investimentos realizados pola Xunta de Galicia en materia de saneamento entre os anos 2000 e 2003, e os previstos para 2004 e 2005, na comarca de Noia"**, (publicada no BOPG nº 643, do 6 de outubro de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,** que ten o seguinte contido:

"En 2002 a Administración Hidráulica de Galicia promoveu o proxecto de saneamento e abastecemento en Outes (Sector I). Na actualidade está a executar, tanto os proxectos de saneamento e abastecemento no Sector II e no Freixo no devandito concello, como o da estación depuradora de augas residuais de Noia. O investimento destas actuacións ascende a un total de 5.574.063,28 euros.

Polo que respecta ás previsión de actuación de futuro, sinalar que se contempla a posta en marcha dun proxecto de colectores de saneamento na parroquia de Tállara, no concello de Lousame."

2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
9 - NOV. 2004
Núm.: 18631

En relación coa pregunta con resposta escrita **nº 13772,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Díaz Díaz e D. Emilio López Pérez, sobre **"a situación pola que están a atravesa-los montes veciñais en man común na parroquia de San Xurxo, no concello de Ferrol"**, (publicada no BOPG nº 506, do 13 de febreiro de 2004), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ó previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,** que ten o seguinte contido:

"A Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente na Coruña recibiu con data 21 de xaneiro de 2004 escrito presentado por D. Alfonso Santiago Sans en calidade de presidente da Xunta Rectora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común San Xurxo, solicitando a declaración de nulidade das resolucións do Xurado Provincial de 15 de novembro de 1985 e 1 de decembro de 1986 polas que se acordaba a clasificación deste monte veciñal e a súa subseguinte clasificación axustada á realidade do que consuetudinariamente se considerou como comunal.

Na súa sesión de 25 de marzo de 2004 o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común estudio a devandita solicitude concluíndo que a resolución do expediente de clasificación dos montes de San Xurxo, Coto da Cal, Pena da Mula e Poza da Lagoa, foi ditada coas formalidades legais e regulamentarias esixidas pola lexislación que lle resultaba de aplicación. Por esta razón, este órgano colexiado acordou non admitir a trámite a solicitude formulada por entender que esta non se basea en ningunha das causas de nulidade do artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, cómpre sinalar que as resolucións de clasificación dos montes en cuestión son firmes é, polo tanto, a propiedade está atribuída á comunidade veciñal correspondente en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria.

Por último, informar que a Consellería de Medio Ambiente non ten recibido información algunha dun posible proxecto de construción dun campo de golf dentro do perímetro do monte veciñal en man común de San Xurxo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento en Vigor.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.
O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA,

Asdo.: Jaime Pita Varela.

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.-

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
     - 1.1.1 LEIS
     - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
     - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
     - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
     - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
     - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
     - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
     - 3.1.2 OBXECCIÓNS
     - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
     - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
     - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
     - 3.5.1 MOCIÓNS
     - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
     - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
     - 3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
       - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
       - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
       - 3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
     - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
     - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
     - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
     - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
     - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
     - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
   - 4.2 INTERPELACIÓNS

- 4.3 PREGUNTAS
  - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
    - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
    - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
  - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
  - 4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPOSTA POR ESCRITO
- 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   - 5.3 VALEDOR DO POBO
     - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
     - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
     - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
   - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
     - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
     - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
   - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
     - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
     - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
     - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
     - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
     - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
     - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
     - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
   - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
     - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
     - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
     - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
     - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
   - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
     - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
     - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
     - 7.3.3 CONVOCATORIAS
     - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
       - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
       - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
       - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
       - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
       - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
       - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
     - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
   - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   - 8.2 PERSOAL
   - 8.3 ACTIVIDADES
     - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
     - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
     - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
     - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
     - 8.3.5 PUBLICACIÓNS

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   - 9.1 INFORMACIÓNS
   - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727